



ESCUDERÍA BERBERECHO
Álvaro García Agra

Nº Expediente : C-PD-12/2025
ASUNTO: Resolución autorización proba deportiva
Proba deportiva: 39º RALI BERBERECHO DE NOIA
Solicitante: ESCUDERÍA BERBERECHO
Data celebración: 4 e 5/04/2025
Horario: Día 4 de 17:00-20:15 Día 5 de 7: 20- 21:30
Vías afectadas: AC-543, AC-541, AC-304, AC-308, DP-5702, DP-1301 e estradas locais
Concellos afectados: NOIA, BRIÓN, ROIS, DODRO, RIANXO, LOUSAME

FEITOS

Primeiro.- O 22 de febreiro de 2025 recibíuse a solicitude de autorización da proba deportiva " **39º RALI BERBERECHO DE NOIA** ", que se vai celebrar os días 3 e 4 de abril de 2025. A proba discorrerá polos concellos de NOIA, BRIÓN, ROIS, DODRO, RIANXO, LOUSAME. As vías afectadas son AC-543, AC-541, AC-304, AC-308, DP-5702, DP-1301 e estradas locais.

Segundo.- O expediente instruíuse coa achega dos seguintes documentos: regulamento da carreira, autorización da Federación Galega de Automobilismo, memoria da proba, rutómetro, mapa do percorrido, cartel, servizos sanitarios, libro de seguridade, seguros de responsabilidade civil e accidentes e xustificante de pago da taxa reguladora.

Tamén achegaron os informes favorables dos concellos afectados, dos titulares das vías polas que discorre a proba: servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial; a resolución do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático onde se establece un condicionado de obrigado cumprimento e o informe do servizo de Montes do departamento territorial da Consellería do Medio Rural no que consta que non procede emitir autorización para este evento xa que non concorren os supostos de feito esixidos no artigo 88.2 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*.

Terceiro.- Solicitouse o preceptivo informe á Xefatura Provincial de Tráfico, que se xunta á presente resolución, se incorpora como parte da súa motivación e condiciona a autorización solicitada, de xeito que poderá ser suspendida ou revogada no caso de incumprimento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de espectáculos públicos. Decreto 336/1996, do 13 de setembro (BOE do 17 de setembro), sobre asunción de funcións e servizos transferidos á



Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos e a súa asignación á entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

Segundo.- Na actualidade a competencia ven establecida aos directores territoriais en virtude do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o artigo 11 do Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Terceiro. O Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o "Reglamento General de Circulación " establece no seu artigo 2 que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas que se desenvolvan integramente por vías situadas dentro do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, corresponderalle a esa comunidade autónoma.

Cuarto- Lei 20/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto 226/2022, do 22 de Decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos público e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e establecementos.

Quinto- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común da administracións públicas.

En virtude de todo o exposto,

RESOLVO

Autorizar a celebración da proba deportiva " **39º RALI BERBERECHO DE NOIA** ", os vindeiros días 4 e 5 de abril de 2025. Deberán cumprir as condicións que se sinalan nos informes emitidos , así como no disposto nos artigos nos artigos 6 ao 14 do Anexo II, Sección segunda, do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.

Contra a esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A directora territorial
M^a del Mar Ferreiro Broz

